



ADDENDA AO CONVENIO, ASINADO O 3 DE AGOSTO DE 2020, ENTRE A ASOCIACION PARA EL PROGRESO DE LA DIRECCION, A ASOCIACION CIRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA CFV, E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA A MELLORA DAS COMPETENCIAS DIRECTIVAS.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Enrique Sánchez de León García, en nome e representación da Asociación para el Progreso de la Dirección (en diante, APD), con CIF nº G-28197994 e domicilio en Madrid, rúa Montalbán, nº 3. Comparece na súa calidade de Director Xeral da devandita Asociación, en virtude dos poderes que lle foron outorgados ante o notario de Madrid, D. Luis Sánchez Marco, en data 9 de xaneiro de 2009.

Doutra parte, D. Víctor Jáuregui Juarrero, en nome e representación da Asociación Círculo de Empresarios de Galicia (en diante, CFV), con CIF nº G-36.823.094 e domicilio en Vigo, rúa García Barbón, nº 62. Comparece na súa calidade de Director Xeral, en virtude dos poderes que lle foron outorgados ante o notario de Madrid, D. Miguel Lucas Sánchez, en data 27 de maio de 2016. Representa ademais para este acto ao Círculo Financiero de Galicia (en adiante CFG), entidade sen personalidade xurídica propia, creada mediante acordo marco pola Asociación Círculo de Empresarios de Galicia, Club Financiero Atlántico e Club Financiero de Santiago, S.A. Está facultado para a representación destas asociacións na sinatura deste convenio segundo o acordo do órgano de xestión de data 21 de maio de 2018.

Doutra parte, D. Fernando Guldrís Iglesias, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE), con CIF Q-6550010-J, e domicilio social en Edificio IGAPE, Complexo Administrativo de San Lázaro, s/n, 15707, Santiago de Compostela, na súa calidade de director xeral. Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do Presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

I. Con data 3 de agosto de 2020 asinouse o “Convenio entre a Asociación para el Progreso de la Dirección, a Asociación Círculo de Empresarios de Galicia CFV e o Instituto Galego de Promoción Económica para a mellora das competencias directivas” para a consecución dos obxectivos comúns de formación e capacitación para o progreso da dirección da empresa galega, e por ende, contribuír aos piares fundamentais da mellora da produtividade, a competitividade e a internacionalización das pequenas e medianas empresas, especialmente no eido da Industria do futuro 4.0, que son as competencias das persoas que rexen ás organizacións.

II. A cláusula cuarta do convenio establece que “os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 15 de novembro de 2020”.

III. Na cláusula oitava do convenio establécese que a certificación de gastos de APD e a de CFV comprensivas dos gastos incorridos e a correspondente documentación xustificativa será presentada antes do 15 de novembro de 2020

IV. A acción “AC3” do convenio consiste na promoción do Encontro Empresarial da “Maker Faire Galicia”, onde se organizará unha xornada con contidos e expertos de elevado interese tanto para “makers” e “start-ups” como para directivos de empresas gallegas. É, deste xeito, inseparable da “Maker Faire Galicia”, un evento máis extenso –de cinco días en total- e que, debido ao retraso sufrido pola COVID19, terá lugar do 18 ao 22 de novembro.

Polo tanto, para poder levar a cabo a acción AC3 e permitir a súa correcta xustificación é preciso estender os prazos previstos na cláusula cuarta e oitava ata o día 10 de decembro de 2020.



V.- A cláusula undécima do convenio establece que poderá ser modificado co obxecto de ampliar o seu prazo de execución.

VI.- A comisión de seguimento do convenio aprobou na súa reunión de 2/10/2020 a execución da actividade AC3 entre o 18 e o 22 de novembro, condicionada á modificación do prazo de execución e xustificación para incluír estas datas en dito prazo.

Por iso, ao abeiro do estipulado no citado convenio, os comparecentes, na representación que ostentan, subscriben a presente Addenda a cuxo efecto,

ACORDAN

Modificar o convenio, asinado o 3 de agosto de 2020, entre a Asociación para el Progreso de la Dirección, a Asociación Circulo de Empresarios de Galicia CFV e o Instituto Galego de Promoción Económica para a mellora das competencias directivas nos seguintes aspectos:

1. Amplíase o prazo de execución de gastos establecido na cláusula cuarta do convenio, quedando fixado no 10 de decembro de 2020
2. Amplíase o prazo de presentación da certificación de gastos de APD e de CFV e a correspondente documentación xustificativa quedando fixada no 10/12/2020.

O resto das cláusulas do convenio asinado o 3 de agosto de 2020 mantéñense invariables.

E en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda o 30 de outubro de 2020.

Polo IGAPE:

Fernando Guldrís Iglesias

Pola ASOCIACIÓN PARA EL PROGRESO
DE LA DIRECCIÓN (APD):

Enrique Sánchez de León García

Pola ASOCIACIÓN CÍRCULO DE
EMPRESARIOS DE GALICIA
(CFV)

Víctor Jáuregui Juarrero